

IMPORTE TOTAL DA MODIFICACIÓN: 275.975,95

Según o disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, en relación co artigo 169, contra este expediente poderá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincial.

Ourol a 25 de novembro de 2013.- O Alcalde-Presidente, Marcial Sanjurjo Fernández

R. 4717

A PASTORIZA

Anuncio

O Pleno desta Corporación en sesión de data 05 de outubro de 2013 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles.

Unha vez transcorrido o prazo de exposición ao público, sen que durante o mesmo se presentase reclamación algúns, o acordo provisional adquiere carácter definitivo e en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais faise público o seu texto íntegro para a súa entrada en vigor:

"2.- Proposta da alcaldía de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobilios.-

Dáse conta da proposta da alcaldía de data 30 de setembro de 2013, que literalmente transcrita di así:

O Texto refundido das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, recolle no seu artigo 61.1 como un dos suposto do feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobilios (ibi) a titularidade dunha concesión administrativa, dun dereito real de superficie, dun dereito real de usufruto ou do derecho de propiedade sobre os bens inmobles rústicos considerando como tales os así definidos nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. (artigo 7.3 do Texto refundido da lei do Catastro Inmobiliario aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, de 5 de marzo)

O artigo 72 do referido texto refundido das facendas locais sinala un tipo de gravame máximo para os inmobles rústicos do 0,90 %.

O artigo 6º da vixente Ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles aprobada polo pleno en sesión de data 06 de outubro de 2012 (BOP núm. 282 de 10 de decembro de 2012) fixa para os bens inmobles de natureza rústica un tipo de gravame do 0,70%

Tendo en conta o alto porcentaxe que representan os terreos de natureza rústica sobre a superficie total do termo municipal e co fin de que a recadación por este epígrafe do imposto sexa máis acorde coa importancia que os inmobles rústicos teñen no noso municipio é aconsellable un incremento do tipo de gravame ata o 0,90%.

Por outro lado hai que sinalar que no plan de axuste elaborado e aprobado por este Concello dentro do marco do Real Decreto Lei 8/2013, de 28 de marzo, prevese como unha das medidas de ingresos a subida do tipo de gravame do imposto sobre ben inmobles de natureza rústica do 0,70 % ao 0,90%, o que suporía para o próximo exercicio 2014 un incremento dos ingresos por este concepto que estaría arredor dos 20.000,00 €.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno corporativo, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6.b da vixente ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles deste Concello que quedará redactado nos seguintes termos.

" Artigo 6º. -Tipo de gravame e cota.-

O tipo de gravame fixado será:

b.- para os bens inmobles de natureza rústica: 0,90 por 100"

Segundo: Expoñer ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles para que se podan presentar alegacións e suxestións que se estimen oportunas e que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: De non producirse alegacións no prazo sinalado, segundo dispón o artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, a modificación da ordenanza considerarase definitivamente aprobada e entrará en vigor trala publicación no Boletín Oficial da Provincia do seu texto íntegro, comezando a aplicarse a partir do un de xaneiro de 2014."